

Madrid 19 de setembro, 1975

Sr.D. XOSE MARIA MONTERROSO

A Cruña

Meu querido amigo:

Antes de nada quero decirlle que á pouco de chegarme o seu libro de poemas acuseille recibé do mesmo e após de leelo mandeille a miña opinión que, en termos xenerales, era eloxiosa. Vexo que non a recibiu, acaso por un trabucamento meu no enderezó ou por outra causa que ignoro. O que non quero é que baixo ningún concepto coide vostede que eu son un soberbio, pecado capital que, coa cobiza, sonme descoñecidos pois nunca aposentaron no meu ánimo.

A miña opinión era eloxiosa, repito, anque pónolle o reparo de que, as veces, a súa retórica era un tanto pasada. Estimo que a retórica é un instrumento imprescindible, pro creo que cada poeta debe precurar ter a súa propia como siño de identificación. Polo demais afirmo que vostede é un poeta, non esquecendo aquello que dixo Ernesto Cardenal: toda creación que teña vontade de ser poema, é xa poesía.

Fólgame de que, por fin, se vaia a celebrar o acto de Castelao en Rianxo, anque os tempos que estamos vivindo son mais ben tristes pra calquera celebración. Non podo asegurar agora a miña asistencia, pois teño compricadas as miñas cousas pra un desplazamento tan longo. Iste é un dos inconvenientes que ten (entre outros moitos) vivir lonxe da terra. De todos os xeitos si poidera arranxar un oco, presentariáme en Rianxo sin mais aviso.

Cos meus saúdos garimosos

*Celsinho*